

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 24/06/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 24/06/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10-jun-2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/2684

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

- 1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.
- 2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

PRIMEIRO: PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA APROBAR	A	DATA XGL	CUMPRE LIMITES
ALMACEN E FERROS AROUSA, S.L.	B94094463	238,98 €		24/06/2019	SÍ
ARIDOS DEL UMIA, S.A.	A36002558	2.196,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. AYUDA MUJERES VICTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	G94136215	200,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CORAL ROSALIA DE CASTRO	G36457745	225,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CUL. AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004	225,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CUL. NOS	G36043933	225,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CUL. POLIFONICA VILAXOAN	G36446862	585,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CULT. CORAL S. PEDRO CORNAZO	G94108933	300,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CULT. OS XIRIFEIROS	G36439792	225,00 €		24/06/2019	SÍ
ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER	G94135449	225,00 €		24/06/2019	SÍ

ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	2.346,00 €	24/06/2019	SÍ
ASOC. OS TRASNOS DE GUILLAN	G94118130	450,00 €	24/06/2019	SÍ
AUTOS IBAÑEZ, S.A.	A36006351	2.123,72 €	24/06/2019	SÍ
CASTROMAN II, S.L.	B36465938	1.141,10 €	24/06/2019	SÍ
CHAVES LOPEZ, XAQUIN FERNANDO	35435899Y	4.620,00 €	24/06/2019	SÍ
CLECE, S.A.	A80364243	88,33 €	24/06/2019	SÍ
DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	A36036739	857,00 €	24/06/2019	SÍ
DIVERNENO VIGO, S.L.	B15573785	1.210,00 €	24/06/2019	SÍ
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	830,00 €	24/06/2019	SÍ
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	120,00 €	24/06/2019	SÍ
GONZALEZ CARBALLO, DAVID	35468640H	1.452,00 €	24/06/2019	SÍ
INTERN. PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL	B62758602	10.861,99 €	24/06/2019	SÍ
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	821,50 €	24/06/2019	SÍ
PADIN SILVA, FRANCISCO	35462419F	809,49 €	24/06/2019	SÍ
REPOBOACIONS E DESBROCES DO NOROESTE SL	B36262772	6.062,10 €	24/06/2019	SÍ
REY PROCESOS DE FUNDICION S.L.	B36430734	738,49 €	24/06/2019	SÍ
SALA GRADIN, S.L.	B36114122	9.147,60 €	24/06/2019	SÍ
SANEAMIENTOS N.M.S.L.	B36227429	231,96 €	24/06/2019	SÍ
SEPY MEDICAL, S.L.U.	B36484822	775,37 €	24/06/2019	SÍ
SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	B36296440	777,68 €	24/06/2019	SÍ
TROQUIÑA, S.L.	B36268217	1.651,26 €	24/06/2019	SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2481

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Veiga López, en representación da Comunidade de Propietarios DOUTOR TOURÓN 46, en relación coas obras de acondicionamento de beirarrúas na Av. Doutor Tourón, e solicitando que se aumenten as prazas de estacionamento para discapacitados na zona.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Veiga López que as dúas prazas de estacionamento para discapacitados existentes na zona seguiran manténdose.

PRP2019/2680

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Costa González solicitando a sinalización de amarelo da beirarrúa na Rúa Cervantes de Carril, na intersección coa Rúa A Rosa, debido a problemas de manobrabilidade.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinalizar liña amarela de tres metros de lonxitude na Rúa Cervantes, entre a intersección coa Rúa A Rosa e o garaxe existente á altura do nº 72 da citada Rúa.

PRP2019/2681

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta dos controis de velocidade realizados no mes de maio: Controláronse 2124 vehículos, detectándose 249 infraccións, o que supón un 12%, porcentaxe de infracción un pouco superior ao mes de abril, pero moi inferior ao mes de marzo (17%) dos vehículos controlados).

As maiores velocidades rexistráronse na Avda. de Cornazo (102 km/h) e Rúa Outeiro 19 (90 km/h)

de bamio.

A Rúa de maior porcentaxe de infracción foi a Rúa Valle Inclán, onde a porcentaxe de infracción é dun 57%.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2682

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rebeca Dasilva Pérez solicitando o pintado do estacionamento para persoas con discapacidade situado enfronte do edificio nº 1 da Rúa Luisa Vila Janer, dado que non está claramente delimitada.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinalizar a praza novamente e adaptala á normativa de mobilidade, xa que na actualidade non está adaptada.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

PRP2019/2683

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2019, de aprobación orzamento presentado por KILOVATIO GALICIA SAU para o subministro dun termo de auga quente para as duchas dos vestiarios da Policía Local, figurando no mesmo, por un importe total de 628,80 € (IVE incluído),

E debendo figurar: Por un importe total de 628,90 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2019/2685

Dáse conta do escrito presentado por Dona Silvia Covelo Cabaleiro, en representación de C.P. General Mulatas 6, solicitando autorización para acceder a través do depósito de vehículos de titularidade municipal, situado en Rúa a Concha, para a reparación de humidades no oco de escaleiras de emerxencia do garaxi situado en plantas de soto 1 e 2 da citada Comunidade de Propietarios.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que será necesario manter servizo permanente no lugar o tempo que duren as obras, dado que o Concello de Vilagarcía de Arousa e o depositario dos vehículos que se atopan no depósito municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Xerencia de Urbanismo aos efectos oportunos.

PRP2019/2687

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Raul dos Reis, denunciando a existencia de actividades ilícitas no poboado de Berdón, así como a existencia de cans soltos na zona e solicitando mais vixilancia policial na Rúa Depuradora.

Dáse conta de informe da Policía local no que se indica que se fixeron patrullas pola zona, denunciándose os vehículos, cando se observou infracción. Así mesmo pasouse información á CNP da denuncia a efectos da vixilancia policial.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2688

Vista a proposta da Área de Comunicación social e co fin de ampliar o banco de imaxes promocionais do Concello e rematar o proxecto do novo portal de turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. David González Carballo, para a realización de 400 novas fotografías (incluíndo o uso dun dron), por un importe total de 1.452,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2689

Vista a proposta do Departamento de Informática e previa solicitude do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil, a Xunta de goberno Local acorda aprobar a alta de dous teléfonos móbiles para a vixilancia de praia durante os meses de xullo, agosto e setembro.

PRP2019/2690

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Internacional Periféricos y Memorias de España SL, o servizo de mantemento enhanced IPM Service para o sistema de almacenamento EMC VNX 5200 por un importe total de 10.861,99 € (IVE incluído) para o período de 28 de xuño de 2019 a 29 de xuño de 2020, con cargo á partida 9201.22706, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2691

Dáse conta de escrito de queixa presentado por Dona Eva Bermúdez Pulleiro pola existencia de excrementos de cans na zona da Praza da Estación, o que causa malos olores, e solicita a adopción de medidas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectuado seguemento durante varios días comprobouse que efectivamente hai varios propietarios de cans que os sacan a pasear tanto na zona de herba como polas beirarrúas, se ben levan correas e recollen os excrementos dos mesmos. Comprobouse así mesmo que a zona necesita unha limpeza.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta a CESPAA aos efectos de que procedan á limpeza na zona.

PRP2019/2692

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Santamaría del Valle, en representación de Asociación Cultural Variedades solicitando autorización para a realización de concertos musicais de pequeno formato, na Rúa Méndez Núñez (Festival Variedades) promovido polos hostaleiros da citada rúa (Coco, Doña Tapa, D'Maria, La Bolsa, La Malquerida, Gotham, Sold Out, Taller del Olvido), durante os días 27 e 28 de xuño; 4, 5, 11, 12, 25 e 26 de xullo, e 1, 2, 8 e 9 de agosto, en horario de 19:00 horas a 01:30 horas e a colaboración municipal coa cesión dun escenario, toma de corrente necesaria, mellora de iluminacións, carteis, pancartas, etc.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada para a celebración das actuacións, así como a colaboración municipal na medida do posible en medios, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como o cumprimento das especificacións recollidas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/2693

Dáse conta de escrito de Dona María Luna Nuñez solicitando autorización para actuación da Duendeneta o día 16 de xuño de 2019, de 12 a 17 horas, na terraza do establecemento (Café Bar Lex) na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 13.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2694

Dáse conta do escrito presentado por Dona María del Rocio Louzán Blanco, en representación de Centro Comercial Aberto de Vilagarcía - Zona Aberta, solicitando autorización para ocupación de vía pública con motiva da inauguración da remodelación da Praza de Independencia o día 28 de xuño, ás 20:30 horas, con música coa DUENDENETA, carpas e mesas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como o cumprimento das especificacións recollidas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/2695

Dáse conta do escrito presentado por D. David Torres Padín, en nome e representación de D.

Ramón García Costoya, solicitando información en relación co funcionamento dos semáforos que regulan a intersección das Rúas San José e Avda. Rosalía de Castro.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o ciclo semaforico consta de 80 segundos, dos que está en fase verde para os vehículos que circulan pola Rúa San José en sentido á Avda. Rosalía de Castro, únicamente 10 segundos, os outros 70 son de ciclo ambar intermitente.

Para os vehículos que circulan pola Avda. Rosalía de Castro do ciclo de 80 segundos 58 deles en fase verde e outros 22 sumanse entre ambar e vermello, coincidindo co cruce de peóns pola mencionada Avenida.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se comunique o presente acordo ao Sr. Torres Padín.

PRP2019/2698

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Alberto Piñeiro Franco solicitando a ampliación da sinalización do vao permanente na Tv. San Cibrán nº 1.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a sinalización do vao permanente, cunha ampliación de un metro a cada lado do mesmo, para facilitar a manobrabilidade, por tratarse unha rúa moi estreita, debendo realizalo pola súa conta, xa que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

PRP2019/2725

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras en relación coa necesidade de reposición de tubaxe de saneamento e pluviais na Avda. Rosalía de Castro (Pico Sacro nº 117-121), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao subministro de material, con cargo á partida 161.210, coa seguinte desagregación:

- Saneamientos N.M.S.L., por importe de 231,96 €
- Almacén e Ferros Arousa SL (ALFAROUSA), por importe de 238,98 €
- Áridos del Umia S.A.U., por importe de 2.196,00 €
- Procesos de Fundición SL, por importe de 738,49 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2726

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SepyMedical S.L.U. para o subministro de uniformidade (camisetas e sudadeiras) para os socorristas do Servizo de Praias para a época estival 2019, por un importe total de 775,37 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2749

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Troquiña SL para o subministro de cespede para a Praza de Galicia, por deterioro do actual, por un importe total de 1.651,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2750

Dáse conta do escrito presentado por **Cleiton Santos Ramos**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 15 de xuño de 2019, de 11 a 13 horas para levar a cabo unha exhibición de capoeira.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2751

Vista a solicitude realizada por Don José Antonio María Peñalba e/n **Nivel Publicitari Digital, S.L.**, solicitando autorización para colocación de bandeirolas, para publicitar as exposicións da Fundación Bancaria "La Caixa" do convenio de colaboración asinado co Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada para a colocación de 180 bandeirolas do 28 de xuño ao 27 de xullo de 2019, nas rúas Rodrigo de Mendoza, Avda. da Mariña, Valle Inclán, Xoan Carlos I e Doutor Tourón, facendo constar que deberán proceder á retirada das bandeirolas unha vez remate a exposición.

PRP2019/2754

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, en representación da Asociación C.O.X.M. e de Veciños Fonte da Coca, solicitando autorización para levar a cabo as festas de San Pedro da Florida, o día 29 de xuño.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

- De cara ao tráfico deberán realizar os peches e sinalizacións que se indican no citado informe da Policía Local.
- Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como o cumprimento das especificacións recollidas na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo acórdase dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Servizo de Electricidade aos efectos oportunos.

PRP2019/2697

Dáse conta de informe do Enxeñeiro D. Oscar Álvarez en relación coa indebida utilización dun vao permanente, titularidade de Agrocarril SL, situado na Avda. Rosalía de Castro e propoñendo a transformación do vao en reserva de carga e descarga de carácter particular.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda dar de baixa o vao permanente e sinalizar unha reserva de espazo de carácter xeral, dado que na zona non existe ningunha.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez)

PRP2019/2810

Dado que na noite do venres pasado se produciu un fundimento do terreo na praza da estación, que nun primeiro momento afectaba a catro plazas de aparcamento, e persoándose no lugar unha patrulla da Policía Local, así como persoal do serizo municipal de emerxencias para acotar a zona e adoptar as medidas de seguridade necesarias, a Xunta de Goberno Local acorda requirir a ADIF, para que leve a cabo á maior brevidade posible a reparación do socavón do parking público na estación de tren de Vilagarcía de Arousa, adoptar as medidas que procedan para garantir que non se volvan a producir situacións similares.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2019/2708

Dáse conta do auto 48/2019, de 9 de abril de 2019, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos de Procedemento Abreviado nº 236/2018 seguidos a instancia de D. Roberto Gerpe Oliveira fronte ao Concello de Vilagarcía de Arousa en relación cun expediente sancionador por incumprimento de horario de pecha, coa imposición dunha sanción por importe de 1.502,60 €, que na parte dispositiva ten por desistido no seu recurso a D. Roberto Gerpe Oliveira por incomparecencia ao acto da vista e lle impón costas por unha contía máxima de 200 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

PRP2019/2709

Dáse conta do requirimento recibido referente á subvención da Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015, pola que se establecían as bases que regulaban

as axudas e subvencións para o fomento de emprego no ámbito das entidades locais e se procedía á súa convocatoria para o ano 2016 (Expte. TR351A 2016/41-5).

O servizo subvencionado foi "Salvamento e Socorrismo 2016".

Visto o informe da Área de Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao reintegro da cantidade reflectida no Certificado de fin de Servizo como "Diferenza ou remanente", por importe de 2.405,00 € e o seu ingreso na conta do Tesouro da Xunta de Galicia.

PRP2019/2710

Dáse conta da xustificación final da subvención "Obradorio de Emprego Labora Xove 2018 (Exp. TR353B 36/00023/2018).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a xustificación e solicitar o aboamento da cantidade pendente de ingresar pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, por importe de 148.116,02 €.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/2712

Dáse conta de informe da Directora da Biblioteca Pública Municipal comunicando que con motivo da época estival a Biblioteca Pública Municipal vai a comezar a mediados do mes de xullo a xornada de verán, ata o comezo do curso escolar, no mes de setembro, co seguinte horario:

- Do 15 de xullo ao 8 de setembro: de 8:30 a 14:00 horas, de luns a venres.

- Así mesmo informa que as Axencias de lectura de Bamio, Carril e Vilaxoán durante o mes de xullo, abrirán de luns a venres, de 10:30 a 13:30 horas e o mes de agosto, con motivo das vacacións do persoal permanecerán pechadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2713

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación coa viaxe organizada a través da Empresa "Clae viajes", para unha saída - viaxe cultural a Verona os entre os días 19 e 24 de xullo de 2019, no que participan un total de 452 alumnos/as na compañía de tres profesores do Conservatorio Profesional de Música.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización da saída - viaxe cultural a Verona 2019 nos termos que figuran no informe e documentación anexa, así como a autorización para asistir a D. Jesús L. González López (profesor de frauta), D. Juan Manuel Carou Rial (profesor de piano) e Dona Susana Blanco Novoa (profesora de violonchelo), con aboamento dos gastos, por un importe de 1.135,98€ para axudas de custo, con cargo á partida 3261.23020 (378,66 €/cada un). Acórdase así mesmo autorizar á alumna Irene Pereira Reboredo, para a viaxe pola súa conta, dende o aeroporto de Bolonia a Berlín para reunirse coa súa familia, de conformidade coa comunicación presentada polo seu pai.

PRP2019/2714

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura dos convenios de colaboración subscritos con D. Ramiro Carregal Rey e VEPERSA SA, para o patrocinio da II edición do Festival internacional de Música Clasclás:

- Ramiro Carregal Rey, cunha aportación de 6.050,00 €

- Vehículos Pérez Rumbao SA - VEPERSA, cunha aportación de 2.500,00 €
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2715

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación co servizo extraordinario de limpeza para as instalacións utilizadas ao longo da II Edición do Festival Internacional de Música Clasclas.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a utilización de 64,5 horas da bolsa de traballo de limpeza existente coa Empresa Clece SA para realizar servizos extraordinarios de limpeza en diversas instalacións (Auditorio Municipal, Salón García e Pazo da Golpelleira) entre os días 27 de xuño e 8 de xullo, con motivo de Festival Internacional de Música Clasclas.

PRP2019/2727

Dáse conta do listado xeral de participantes na II edición do Festival Internacional de Música Clasclas, con actividades que comezan o día 24 de xuño en A Coruña e que se desenvolverán dende o 26 de xuño en Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta así mesmo da cobertura do seguro de accidentes xa contratado coa Empresa Willis Towers Watson á Caja de Seguros Reunidos CIA de Seguros y Reaseguros SA-CASER, por un importe de 202,35 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2019/2717

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** para o desprazamento de escolares ao Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela os días 29 de maio 5 e 20 de xuño de 2019, por un importe total de 830,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE

PRP2019/2753

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais , a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o servizo complementario de comedor así como dos consumibles a empregar na limpeza durante o desenvolvemento do Campamento Urbano de Verán 2019, que se vai levar a cabo no CEIP A Escardia.

Segundo: Aprobar o orzamento e adxudicación do servizo complementario de comedor para a realización dos campamentos urbanos de verán 2019, por un importe total de 9.235,93€ (IVE incluído), e que se desagrega do seguinte xeito:

- 9.147,60 € (IVE engadido) da empresa Restaurante Sala Gradín, SL en concepto de

servizo de comedor (33 nenos/as x 6,60 €/menú/día x 42 días de servizo), con cargo á partida 231-22643.

- 88,33 € (IVE engadido) da empresa Clece, S.A. en concepto de gastos de consumibles de limpeza do CEIP A Escardia, con cargo á partida 231-22199

Lémbrese aos provedores que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/2720

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **AIBASA** para reparar o vehículo matrícula 3008DZC, adscrito ao citado servizo, por un importe total de 2.123,72€ (IVE incluído), con cargo á partida 170-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2721

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **MADECO (Francisco Padín Silva)** para compra de rozadora por reposición, por un importe total de 809,49€ (IVE incluído), con cargo á partida 170-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2742

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Repoboacións e Desbroces do Noroeste, S.L.** para trituración de restos de poda existentes no punto limpo e no Pousadoiro, por un importe total de 6.062,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 170-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2019/2719

Dáse conta do convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo a celebración das Festas de San Roque 2019, polo que a Deputación Provincial achega un importe de 6.000,00 € para sufragar o gasto da actuación do artista Blas Cantó o 22 de agosto no parque de A Xunqueira.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/2587

Con data 1 de abril do presente, aprobouse en Xunta de Goberno a organización dunha *EXCURSIÓN A OPORTO E ARREDORES, do 10 ao 14 de maio, sendo adxudicataria do servizo Dna MARIA CALVO CASANOVA (47.350.728-F) de VIAXES CARBALLO GALICIA (XG-675) por un prezo 234.- €/persoa (ive 10% engadido).*

Nesa mesma XGL, aprobouse que cada excursionista aboaria 200.-€ e o resto (34,00.-€) sería asumido polo Concello en concepto de subvención, sempre que se cumprisen os requisitos das bases aprobadas na referida XGL, resultando un importe estimado para 55 prazas de 1.870.-€ para a referida convocatoria.

Finalmente realizaron a actividade un total de 55 persoas, das cales 2 non cumprían o requisito de empadronamento polo que, segundo as bases, non recibiron subvención algunha, aboando o prezo total da viaxe.

Polo tanto o número total de beneficiarios da subvención con arreglo as bases e de 53 persoas que multiplicado polo importe da axuda dá un total de 1.802.-€, con cargo á partida 2313-489.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º. A concesión da subvención por importe de 34.-€ aos seguintes solicitantes por cumprir os requisitos das bases reguladoras da convocatoria:

